Ten en conta no segue-liñas que: se devolve un 0 é que vai por bo camiño, se devolve un 1 habería que xirar cara a esquerda, se devolve un 2 habería que xirar cara á dereita e se devolve un 3 é que se foi da liña negra, e ese caso, “o mellor” é que deas marcha atrás.

Poderíamos melloralo co sensor de ultrasóns, incluíndo outro condicional “Se... entón”, dentro do comando “Por sempre” anterior que pare o mBot antes de

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

que caia. Para iso podemos usar unha variable “segueliña” de modo que, se está a cero, pararase:



Poderíamos mellorar o programa anterior *engadindo pequenos tempos de espera* en cada movemento. É dicir, pequenos retardos de 0.1 segundos en cada movemento para que non se escape da liña se esta é fechada e lle dea tempo a xirar. Desesta forma, conseguiríamos que o robot se desviase menos veces da liña que queremos que siga.


Nas imaxes seguintes se explica o funcionamento dun pequeno robot capaz de seguir unha liña negra sobre unha base branca. O noso robot consta de dous motores para mover, de maneira independente, as rodas traseiras e de dous sensores de liña que subministran unha voltaxe próxima a 0v (LOW) se a cor é negra e cercano a 5v (HIGH) se é branca.

Se os dous sensores están sobre a liña negra os dous motores xiran cara diante e o coche móvese en liña recta

Se o sensor 1 sáese da liña negra, o motor 1 móvese cara atrás e o vehículo xira cara á dereita.


Se o sensor 2 se sae da liña negra, o motor 2 móvese cara atrás e o vehículo xira cara a esquerda.

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



Falta ter en conta unha última possibilidade, que o robot estea totalmente fóra da liña negra. A tarxeta mCore debe ler o estado dos sensores de liña e dar as ordes oportunas aos dous motores.

- B) Á hora de programar que mBot siga a liña branca, debemos tener en conta que posición nos devolve o sensor de línea cando detecta que está dentro ou fóra da liña branca. Estas posicións, poden verse representadas na seguinte imaxe:



Con pequenas modificacións no programa “seguidor de liña negra”, xa teríamos o seguidor de liña branca.

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Supoñamos que as conexións dos motores M1 e M2 do noso mBot son as seguintes.

Visto de forma frontal: M1 é o Motor Esquerdo e M2 é o Motor Dereito.




Decidín construír bloques para cada movemento de ambos motores: Motor dereito con M2 e motor esquerdo con M1. Cada bloque depende dunha variable numérica chamada “number1”:



Crear un bloque con entrada numérica (Datos e Bloques)

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



O programa final, que podemos utilizar para o noso mBot (neste caso, creouse sen engadir os tempos de espera ou retardos en cada movemento) é o seguinte:



Este script controla cada unha das posicións ou opcións que se poden dar. Graficamente, estas posicións simuláronse nas seguintes imaxes:



Posición 0 (fóra da liña branca)



Posición 1

Divertíndome con mBot: Guía de manejo e programación



Posición 2




Posición 3 (Detecta blanco)

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación


4.6. Matriz de LEDs 8x16

Antes de nada, debemos montar a matriz de LEDs no robot mBot. A súa posición correcta de montaxe é a que se amosa na seguinte figura, pero, se se desexa, podemos variar a montaxe e este cambio debe terse en conta á hora de programala:



Matriz de LED en posición correcta para a súa fácil programación

Outra forma de montaxe (invertida) que varía a súa programación é o seguinte:




Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Despois de implementara debemos seguir os seguintes pasos:

1. Conectar o mBot ao ordenador mediante un cable USB e actualizar o firmware (mBot) en mBot. (*Conectar > Actualizar Firmware*)
2. Prender o mBot e seleccionar o puerto serie e placa correctos.
3. Escribir os programas e executalos con dobre clic y bandeira verde.

A instrución ou comando que máis se usa ao traballar coa matriz de LEDs é **show drawing**. Se facemos *dobre clic*, permítenos poñer o gráfico que queiramos, e incluso gardalo en favoritos!

(OLLO! O gráfico salería na montaxe correcta porque, se a montamos invertida, o seu gráfico tamén debemos crealo invertido. Isto explícase mellor nos seguintes exemplos).




Vexamos varios exemplos de programación con mBlock:


Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Exemplo 1: Queremos que na matriz se reflicta unha cara alegre:


Coa matriz correctamente montada, crearíamos o seguinte programa:



Pero, coa matriz en montaxe invertida, deberíamos enviarlle ao robot o seguinte programa:




Exemplo 2: Queremos amosar un pequeno texto permanentemente. Por exemplo, a palabra “Si”, na configuración da matriz invertida. Programaríamolo da seguinte forma:




Exemplo 3: Combinando a matriz co sensor de ultrasóns:

Divertíndome con mBot: Guía de manejo e programación




Exemplo 4: Podemos enviar un texto, coa instrución **show face**


OLLO, se está invertida, o texto tamén ha que invertilo




O seguinte programa envía ás coordenadas (0,0) a palabra SUSANA pero, para que colla, debemos programalo como segue:



Se queremos que se repita continuamente o texto:



Exemplo 5: Tamén podemos enviar a hora. Un script que nos serviría para ese fin é o seguinte:



Exemplo 6: No seguinte exemplo usamos o módulo de ultrasóns, e dous botóns do mando de IR do robot (as teclas R8 e R9).

O sensor de IR pode recibir do mando números, letras A-D, frechas e o botón configuración.

Ollo: O mando non é exclusivo dun robot, é dicir, os demais robots do aula reciben a mesma información polo que é importante apuntar o mando aos sensores do robot e non a outro robot do aula.

Realizar programas co sensor de IR ten unha dificultade: non se pode facer a través do ordenador. É dicir, non se pode realizar como o fixemos ata agora: Bandeira verde e comunicación entre PC e mBot

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Por que? porque o mBot ten instalado nesta configuración o programa por defecto *Firmware* de ler o mando, e non podemos saltalo.


No seguinte exemplo, grazas ao módulo de ultrasóns, o robot testea a distancia á que está un obxecto (se é menor que 15 ou maior que 30) e, segundo as diferentes distancias, amosa unhas expresións na matriz de LED do robot mBot. O script é o seguinte:



```
al presionar
  fijar Numero a 2
  por siempre
    si ir remote R8 pressed entonces
      fijar Numero a 2
    si ir remote R9 pressed entonces
      fijar Numero a 1
    si Numero = 1 entonces
      show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: distancia del sensor de ultrasonidos Puerto3
    si Numero = 2 entonces
```



```
si Numero = 2 entonces
  si distancia del sensor de ultrasonidos Puerto3 < 15 entonces
    show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: ^_^
    esperar 0.2 segundos
  si no
    si distancia del sensor de ultrasonidos Puerto3 > 30 entonces
      show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: @@
      esperar 0.2 segundos
    si no
      show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: A^A
      esperar 0.2 segundos
```




The image shows a Scratch script for controlling an mBot's face. It consists of four conditional blocks, each triggered by a remote button press (A, B, C, or D). Each block follows a similar sequence: set a variable 'Numero' to 0, display a specific message on the face, and wait for 1 second.

```
si ir remote A pressed entonces
  fijar Numero a 0
  show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: Hola
  esperar 1 segundos

si ir remote B pressed entonces
  fijar Numero a 0
  show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: Love
  esperar 1 segundos


si ir remote C pressed entonces
  fijar Numero a 0
  show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: :)
  esperar 1 segundos

si ir remote D pressed entonces
  fijar Numero a 0
  show face Puerto4 x: 0 y: 0 characters: '^'
  esperar 1 segundos
```



4.7. Robot sumo


A programación para unha proba *sumo* varia drasticamente dependendo do número de sensores que lle poñas ao teu robot e de onde os acomodes. A proba *sumo* realizárase nunha pista circular. Dentro desa pista, o robot debe atacar e saber buscar aos contrincantes, pero, ao mesmo tempo, non debe saír dese recinto, é dicir, debe ser quen de detetar a cor do borde da pista e, nese momento, volver a dentro.



Un sensor que nos servirá para detetar ao inimigo é o sensor de ultrasóns. O noso robot pode dispoñer dun ou de dous, e no caso de que sexan dous, estes poden estar situados no lugar que nos pareza mellor (un diante e outro atrás, os dous diante a ambos lados do robot, etc).

Tra-la nosa elección, a programación é sinxela se temos claro como queremos que funcione o noso robot. Por exemplo, imaxinemos que nos decantamos por dous sensores de ultrasóns a ambos lados do robot na parte frontal (despois incluiremos os sensores de liña). Imos chamalos sensor dereito e sensor esquerdo. Na seguinte imaxe pode verse a súa situación esquemática nun bloque:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



Parte frontal do robot

Podemos ter a estratexia de ir sempre cara adiante ou de xirar a la derecha o esquerda se ningún sensor detetou nada, pero, se algún sensor deteta ao oponente, entón debe dirixirse a el para atacar. Esta estratexia resúmese na seguinte taboa de verdade onde 0 significa que non detecta e 1 que detecta:


Sensor Esquerdo	Sensor Dereito	Inimigo	Acción
0	0	Non	Xirar ou seguir adiante
0	1	Si	Xirar á dereita
1	0	Si	Xirar á esquerda
1	1	Si	Ir de fronte



mBot con 2 sensores de ultrasóns


Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Relativo á distancia, no sentido de cal debemos usar como límite de detección, esta dependerá da situación exacta dos nosos sensores no robot e dos nosos desexos no programa. Neste exemplo, decíciuse que sexan 10cm:



Primeira parte do programa Sumo con dous ultrasóns

Persoalmente, o ideal é que o robot sempre ataque de fronte e ao mesmo tempo, que non saía da zona de loita, limitada por unha cor determinado de liña. Para conseguir isto último, podemos usar sensores detectores de liña e programalos para que, cando o sensor detecte a liña, o robot afástase dela. Supoñamos que usamos 4 e os situamos da seguinte forma:



Pensando na nosa estratexia, unha posible táboa de verdade, considerando 0 como non detección e 1 como detección, podería ser a seguinte:

L.9gq	9gq	Der	L.Der	Acción a programar
0	0	0	0	Buscar
0	0	0	1	Dereita Rápido: xira a roda esquerda e a roda dereita hacia atrás
0	0	1	0	Dereita Suave: só xira a roda esquerda e a roda dereita está quieta
0	0	1	1	Nada
0	1	0	0	Esquerda Suave
0	1	0	1	Nada
0	1	1	0	De fronte
0	1	1	1	Nada
1	0	0	0	Esquerda Rápido
1	0	0	1	Nada
1	0	1	0	
1	0	1	1	
1	1	0	0	
1	1	0	1	
1	1	1	0	
1	1	1	1	

Nela, basta con programar as filas resaltadas en lila para que o noso robot sumo ataque e evite saír do recinto de loita.

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Á hora de programar ambos sensores á vez, ultrasóns e sensores de liña, “todo” é libre cara os intereses do programador. Explícome, podo considerar que o máis importante é que o meu robot priorice en escapar da liña banca tomando como secundario o seu ataque ou, calquera outra alternativa a esta estratexia. No meu caso, para mín, o máis importante é salvarme, polo que, nos seguintes exemplos particularizados ao mBot, verase esta defensa inicial.

Exemplo 1 de programa sumo

Neste caso, usaremos un sensor de ultrasóns para a parte dianteira do mBot e dous sensores de liña (un dianteiro e outro traseiro). O programa está pensado para loitar nun circuito limitado por unha liña branca.


Dispoñemos de tres variables: *Distancia* (que é a que medirá o sensor de ultrasóns e que se estima en 18 cm para a detección), *LiñaDianteira* (medirá negro ou branco no sensor dianteiro) e *LiñaTraseira* (medirá negro ou branco no sensor traseiro):



Comezarei coa miña priridade: estar no recinto. Os sensores de liña, como xa vimos, presentan 4 posicións e verán branco na posición 3. Neste caso, debemos intentar que o noso robot non saia do circuito de loita. Polo tanto: Se ve liña branca o dianteiro, debemos ir cara atrás, e se ve branca o traseiro, debemos ir cara adiante. Xa conseguido isto, tamén debe atacar, e farao se está no recinto (ve negro) e detecta a un opoñente. Tamén debe buscar, e farao se está no recinto e non detecta a un opoñente.

Un posible programa sumo que afronta as consideracións anteriores é o seguinte:

Divertíndome con mBot: Guía de manejo e programación



The image shows a Scratch-style code editor for an mBot. The code is written in Spanish and is contained within a 'por siempre' (forever) loop. It initializes variables for distance and line sensors, then uses conditional logic to navigate based on sensor readings.

```
mBot Program
por siempre
  fijar Distancia a distancia del sensor de ultrasonidos Puerto3
  fijar LineaDelantera a sigue-líneas Puerto2
  fijar LineaTrasera a sigue-líneas Puerto4
  si LineaDelantera = 3 y LineaTrasera = 3 entonces
    turn right a velocidad 255
    esperar 0.5 segundos
  si LineaDelantera = 0 y LineaTrasera = 3 entonces
    run forward a velocidad 255
    esperar 0.5 segundos
  si LineaDelantera = 3 y LineaTrasera = 0 entonces
    run backward a velocidad 255
    esperar 1 segundos
  si LineaDelantera = 0 y LineaTrasera = 0 entonces
    si Distancia < 18 entonces
      run forward a velocidad 255
    si Distancia > 18 entonces
      turn right a velocidad 200
```

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación


Exemplo 2 de programa sumo:

Supoñamos agora que queremos usar dous sensores de ultrasóns e que os situamos, un diante e outro detrás. Ademais, ao noso robot engadímoslle dous sensores de liña e da mesma forma que antes, un estará diante e outro detrás. Para o seu control, necesitamos definir 4 variables e estas poden ser as seguintes: *ValorSensorLiña* (para diante), *ValorSensorLiña2* (para atrás), *ultrasóns1* (para delante) e *ultrasóns2* (para atrás):




Se a miñ prioridade é a mesma; estar no recinto, comezarei con esa liña de programación. Os sensores de liña, como xa vimos, presentan 4 posicións e verán branco na posición 3. Neste caso, debemos intentar que o noso robot non saia do circuito de loita. Polo tanto: Se ve liña branca o dianteiro, debemos ir cara atrás, e se ve branca o traseiro, debemos ir cara adiante. Neste exemplo, programei estas posibilidades nun bloque que chamou *ControlarLiña* e que é o seguinte:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación




Como podedes ver, no caso de que o robot estea no recinto, vexa negro, debe comportarse como un bo sumo e atacar ou buscar. Isto consígoo usando os seus sensores de ultrasóns. Sensores que programei no bloque definido como “*ultrasóns*” e cuxa programación, limitada neste caso polo valor numérico de detección 40 cm, é a seguinte:

Divertíndome con mBot: Guía de manejo e programación



O bloque de ultrasóns só o executará cando o robot estea no recinto, atacando ou buscando na forma que desexe o programador.

Ata agora, definimos os bloques, pero non o programa de execución que os chama e que é o seguinte:



Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación


4.8. Servomotor

Un servomotor pódese considerar como un tipo especial de motor de continua que se caracteriza por ter a capacidade de xirar un ángulo determinado dentro dun intervalo de operación.




Micro Servo 9g (servomotor)

O servomotor da casa Makeblock necesita dun adaptador RJ25, como pode verse na montaxe da seguinte imaxe. Todo adaptador RJ25 dispón de 2 "Bancos" ou "Slots" ou conectores, para poder conectar no mesmo módulo un sensor de temperatura e un servo, por exemplo. O adaptador necesita dun porto e pode conectarse a calquera dos portos: 1, 2, 3 ou 4, xa que os seus cores ID son negro, amarelo e azul. No noso caso, conectámolo ao porto 1:




Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

A maiores, no noso exemplo, o servo uniuse ao sensor de ultrasóns, de modo que, consiga movelo en diferentes posicións angulares do servo:



Un script para mover o servo en 5 diferentes posicións angulares (0, 45, 90, 135 e 180) sería o seguinte: Pódese elixir o “Banco1” (un banco é un slot ou un conector) porque non temos o adaptador conectado a máis dun compoñente.

```
al presionar
  fijar angulo a 0
  repetir 2
    set servo Puerto1 Banco1 angle angulo
    esperar 1 segundos
    cambiar angulo por 45
    set servo Puerto1 Banco1 angle angulo
    esperar 1 segundos
    cambiar angulo por 45
    set servo Puerto1 Banco1 angle angulo
    esperar 1 segundos
    cambiar angulo por 45
    set servo Puerto1 Banco1 angle angulo
    esperar 1 segundos
    cambiar angulo por 45
    set servo Puerto1 Banco1 angle angulo
    esperar 1 segundos
  fijar angulo a 0
```



4.9. Sensor de temperatura SD18B20


O sensor de temperatura sumerxible da casa Makeblock é o sensor dixital SD18B20. Presenta unha precisión de $\pm 0.5^{\circ}\text{C}$ (de -10°C a $+85^{\circ}\text{C}$), sendo, o seu tempo de captura da medida, inferior a 1 segundo. Grazas ao seu envoltorio estanco selado podemos mergullalo nun líquido e usalo para que nos proporcione a medida da temperatura dunha substancia líquida. Ao ser dixital, o valor de temperatura que nos proporcionará non se ve alterado pola distancia do cableado do sensor.

Este sensor pódese programar con arduino ou con mBlock, usando en scratch o correspondente comando:



Para conectalo á placa do mBot, necesita dun módulo adaptador RJ25 como o que se amosa na imaxe e que xa utilizamos co módulo servomotor:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación




Módulo adaptador RJ25

O sensor de sonda mergullable, cuxo rango de medida é de -55°C a 125°C , pode verse na seguinte figura:




Módulo sensor de temperatura mergullable

Un programa sinxelo consistiría en medir a temperatura da sonda do sensor e amosala no escritorio. O script, estando o sensor conectado ao *Banco1* e o adaptador al *Porto 1*, sería o seguinte:



Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

O conexionado, neste caso usando unha placa Orion conectando o sensor por medio do adaptador ao porto 6, sería o seguinte:




No seguinte exemplo conectouse á placa mCore no *banco 2* do *porto 4*. Creouse un programa para que o sensor mida a temperatura dunha substancia que teste e me amose o seu estado (sólido, líquido ou gas), simulando o movemento das súas moléculas. Para iso, utilizou un único obxecto, chamado “Molécula”, e 4 escenarios ou fondos. Nas seguintes imaxes obsérvase o obxecto molécula no escenario inicial e os 4 escenarios do programa:



Escenarios do programa

Cada escenario chámase mediante mensaxes. É dicir, ao recibir a mensaxe indicado (sólido, líquido ou gas), cambia o fondo do escenario ao que se programou.


Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



Script do escenario

O obxecto molécula é o que leva o peso do programa:

Inicialmente non busco que se amose a temperatura que está medindo o sensor de temperatura mergullable conectado ao *Banco2* dun adaptador RJ25 que se une ao *Porto 4* da placa do mBot, pero se quero que tome a primeira mostra para que as súas medidas se vaian regulando:



Sensor de temperatura conectado ao Porto 4

Tras facer clic no obxecto “Molécula” (xa pasaron 4 segundos), amósase o valor numérico da variable temperatura e o programa testea se se atopa en estado sólido, líquido ou gas, a través de diferentes intervalos de temperatura. Encontrado o seu rango de temperatura, envía a mensaxe correspondente (mensaxe que recolle o escenario). Se fosemos estritos e para o “agua”, as súas temperaturas serían 0°C e 100°C e non 10° e 100°, que é o que utilicei:

Divertíndome con mBot: Guía de manejo e programación




As mensaxes “sólido, líquido e gas” realizan a simulación no movemento da molécula.



Situación “Líquido”

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

En todo momento, testéanse cambios na variable temperatura, e deste modo asegurámonos que realiza a animación do seu “estado” correspondente:



A animación “sólido” simula que a molécula vibra, movéndose 15° á dereita e esquerda. A animación “líquido”, fai que a molécula se mova a unha determinada

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

velocidade (4 pasos) na zona do líquido (sen sobrepasar o límite do debuxo do auga) e rebotando se toca o bordo:

Finalmente, a animación “Gas”, fai que a molécula se mova máis rápido e por todo o escenario, rebotando se toca un bordo do mesmo.

4.10. Sensor Me Temperatura e Me Humidade

A casa Makeblock dispón dosensor DHT11, que é quen de medir a temperatura (NTC) e humidade (resistiva) ambiente. As súas especificacións son as seguintes:

- 5V DC
- Rango temperatura: 0°C a 50°C \pm 2°C (só T^a positiva)
- Rango Humidade: 20% a 90% \pm 5%
- Precisión: 1% humidade, 1° Temperatura
- Compatible con calquera placa Arduino




Sensor de temperatura e humidade

Este sensor proporciónanos unha saída dixital calibrada. A súa cor amarela no RJ25 significa que ten un porto simple dixital e necesita estar conectado ao porto con ID amarelo en Makeblock, aínda que, tamén pode conectarse a una placa Arduino Uno a través dos seus tres conexións GND, 5V e Data, sendo Data un pin dixital como por exemplo o pin3.

No seguinte exemplo vou usar o shield de Makeblock para unha Arduino Un, conectando o sensor de humidade e temperatura ao porto7. Nas librarías dispoñemos de 2 arquivos para o sensor de humidade. Usarei o *test 1*, que é o que nos proporciona a humidade e temperatura ambiente en °C (o *test2* apórtanolo en diferentes magnitudes para a temperatura). No *test 1* realizou unhas pequenas modificacións relacionadas coa placa e o porto:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



```
MeHumitureSensorTest1 Arduino 1.6.8
Archivo Editar Programa Herramientas Ayuda

MeHumitureSensorTest1 $

/**
 * \par Copyright (C), 2012-2016, MakeBlock
 * @file MeHumitureSensorTest1.ino
 * @author MakeBlock
 * @version V1.0.0
 * @date 2015/09/07
 * @brief Description: this file is sample code for humiture sensor device.
 *
 * Function List:
 * 1. void MeHumiture::update(void)
 * 2. uint8_t MeHumiture::getHumidity(void)
 * 3. uint8_t MeHumiture::getTemperature(void)
 *
 * \par History:
 * <pre>
 * <Author> <Time> <Version> <Descr>
 * Mark Yan 2015/09/07 1.0.0 rebuild the old lib
 * </pre>
 */
#include "MeShield.h"

MeHumiture humiture(PORT_7);

void setup()
{
  Serial.begin(9600);
}


void loop()
{
  humiture.update();
  Serial.print("Humidity (%) =");
  Serial.print( humiture.getHumidity() );
  Serial.print(", Temperature (oC) =");
  Serial.println( humiture.getTemperature() );
  Serial.println("*****");
  delay(1000);
}
```

Cambio MeOrion.h por MeShield.h

No meu caso, o sensor de humidade conecteino ao Porto7

Na seguinte imaxe, referida ao Monitor Serie, podemos ver que nos aporta a temperatura e a humidade ambiente:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



4.11. Módulo PIR

É un sensor pasivo que capta a luz infravermella do ambiente e reacciona aos seus cambios. Serviranos para detectar o movemento e basicamente o que fai é crear e transmitir un campo de luz infravermella que choca cos obxectos da habitación logrando detetar os cambios no eco que recibe. Ao alimentalo electricamente proporciona unha saída dixital (cero ou un), que pode ser regulada en sensibilidade mediante un potenciómetro. O seu ángulo de visión é de 90° e o seu radio de alcance sitúase entre 6 e 9 metros.

O sensor PIR de movemento da casa Makeblock úsase para detectar persoas ou animais nun rango de ata 6m. Se se move algo dentro dese rango de distancia, o sensor activa a saída dixital SIG a alto. Mediante un potenciómetro, soldado no módulo, poderemos axustar o rango de detección.


Importante: Despois de alimentalo, hai que esperar uns 10 segundos a que o sensor se inicialice.



Sensor Me PIR

O seguinte exemplo impleméntase sobre unha placa Makeblock Orion utilizando un módulo sensor Me PIR, un módulo servo motor co módulo adaptador RJ25 e un módulo 130 DC motor con hélice e que na seguinte programación conéctase a M1. O módulo PIR conéctase ao porto 4 e o servo, mediante o "Banco2" do adaptador, ao porto 1.

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación




Módulo 130 DC con hélice

Cando o sensor PIR detecta o movement dun corpo, fai xirar o servo e o motor M1. En caso contrario, ambos páranse:


```
al presionar
por sempre
  si sensor de movemento pir Puerto4 > 0 entónces
    fijar servo Puerto1 Banco2 ángulo 100
    esperar 0.3 segundos
    fijar motor M1 velocidade 100
    esperar 1 segundos
  si sensor de movemento pir Puerto4 < 0 entónces
    fijar servo Puerto1 Banco2 ángulo 5
    esperar 0.3 segundos
    fijar motor M1 velocidade 0
    esperar 1 segundos
```


Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Dentro dos exemplos que nos proporciona a casa Makeblock nas súas librarías de Arduino atopámonos co arquivo *PIRMotionSensorTest*. Este arquivo creouse para que o sensor nos informe, mediante o porto Serial Begin, sobre a existencia dunha persoa na habitación:



Para comprobalo utilizarei a placa mCore conectando o sensor PIR ao Porto 4 (ID azul) da mesma. Despois cargarei o programa á placa desde o IDE de Arduino. O resultado é obvio, haberá detección porque eu estou presente, tal e como se amosa na seguinte imaxe:



Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

4.12. Módulo Joystick

O módulo joystick pode usarse para, por exemplo, simular o movemento dun obxecto polo escenario. De feito, non é máis que unha panca de control de mando. No seguinte exemplo, creáronse 2 variables, referidas ás coordenadas X e Y que nos ofrece o módulo joystick.



Obsérvase que, inicialmente, o módulo ofrece as cantidades numéricas -2 e -18 para os eixes X e Y, respectivamente. Tamén sabemos que, no escenario scratch, nosa X varía entre -240 e 240 e a Y, entre -180 e 180. Así pois, tomando os seguintes puntos para ambos eixes, podemos calcular os parámetros m e n da función a programar:

X	Y=mx+n	X	Y=mx+n
-2	0	-18	0
240	490	490	180
Eixe X		Eixe Y	

Con estes puntos, os valores dos parámetros “m” e “n” no eixe X e no eixe Y son, respectivamente: 0,492 e 0,984 para o eixe X e, 0,354 e 6,378 para o eixe Y. Finalmente, o script para programar o joystick que está conectado ao puerto 7 que consiga que o sprite se mova polo escenario, é o seguinte:



4.13. Potenciómetro

O potenciómetro lineal d e Makeblock é, segundo nos informa a casa, de 50K Ω . É de 270 graos, sendo o mínimo valor cara a esquerda e o máximo valor alo tope da dereita. A súa cor de ID negro indícanos que só poderá conectarse aos portos 3 e 4 da placa mCore e aos portos 7 e 8 do shield de arduino.



Módulo Potenciómetro

Ao igual que noturos módulos, se non queremos usar o shield de arduino e pretendemos conectalo á placa Arduino Un, dispoñemos de 3 terminais: GND, VCC e AO; sendo esta última unha das saídas analóxicas da placa Arduino Un.

Un exemplo que nos axudará a programalo en arduino atoparémolo na súa librería, no arquivo *PotentiometerTest*. Simplemente, debemos modificar o nome da placa que usamos e o porto no que conectamos o potenciómetro.

Tamén podemos programalo con mBlock. No seguinte exemplo utilizo 0 valor numérico que me proporciona o potenciómetro para modificar a cor dos dous led RGB do mBot. A seguinte imaxe amosa o escenario do programa co valor máximo do potenciómetro (xirado 270 grados cara a derecha), que resulta de 975.




Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Como pode verse na seguinte imaxe, dispoño de 5 disfraces para percorrer os 975 puntos numéricos do potenciómetro. Decidín facer intervalos “simétricos” de módulo 195 ($975:5=195$) e, a cada intervalo asociarlle unha cor de LED RGB correspondente coa cor do disfraz:



Disfraces del objeto

O programa, para unha placa mCore del mBot, estando o potenciómetro conectado ao porto 3, é o seguinte:



4.14. Módulo 4LEDs RGB

Con este módulo que incluye 4 LEDs RGB, podremos controlar el brillo y el color de cada uno de sus LEDs de forma independiente.




Módulo 4 LEDs RGB

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

O seu conector é de cor amarelo, así que, só o poderemos conectar aos portos que dispoñan desta color. Nunha placa mCore válenos calquera dos seus 4 portos.

Ao igual que noutros compoñentes, podemos usar este módulo directamente nunha Arduino Un, sen shield. Neste caso, as tres conexións amósansenos nun lateral: Vcc, GND e SIG, sendo o sinal un pin dixital da placa Arduino Un.

Nas librarías de Makeblok dispoñemos de tres programas de exemplo que nos axudarán a programalos desde o IDE de Arduino:



Desde mBlock podemos programar cada led de forma independente. Por exemplo, se o módulo está conectado ao porto 3 (cor amarelo), e queremos que o primeiro led teña a cor vermella, o segundo a cor verde, o terceiro a cor azul e o cuarto a cor branca, o programa que realizaría os nosos desexos sería o seguinte:



O programa anterior é moi simple e con mBlock podemos facer moito máis. Por exemplo, simular un arco da vella usando os leds de bordo e os do módulo 4 LEDs RGB. Este reto execútao o seguinte script:

Nel creanse 3 variables: LedAleatorio (que escolle aleatoriamente un LED dos 4 posibles do módulo 4LEDs), n (que por defecto toma o valor 1 dos leds de a bordo da placa e, grazas a n+1, selecciona o LED RGB 2 da placa mCore) e a variable cor (que tomará un valor ao chou entre 0 e 255).


Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Todo este abano de cores permanecerá fixo na placa mCore (abordo) e no módulo 4 LEDs RGB (conectado ao porto 4) durante 1 segundo. Pasado ese tempo, prodúcese unha nova aleatoriedade de cor e elección de led principal:



4.15. Módulo Display 7 segmentos


O módulo display 7 segmentos ten o seu ID azul (porto de sinal dixital dobre). Cor que nos indica que pode programarse coa placa mCore do robot mBot. Outras opcións son a placa Orion de Makeblock e a placa arduino un, por exemplo. A esta última, se se desexa, pódese acoplar o shield para arduino de Makeblock. Este display de 4 díxitos de ánodo común baséase no chip TM1637 e con él podemos controlar cada segmento do seu correspondente díxito, así como, o seu punto decimal.



Módulo Display 7 segmentos

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

Se usamos unha placa Arduino Un e queremos programala desde mBlock, debemos escoller a placa, neste caso *UN Shield*, e o porto de conexión correspondente para o noso Arduino Un, tal e como se amosa na seguinte imaxe:




Supoñamos que queremos visualizar un contador ascendente de 100 a 110, usando un display 7 segmentos conectado ao porto 7 do shield de arduino. O programa en mBlock sería o seguinte:




Para cargar o programa anterior na placa arduino, debemos facer clic no comando azul *UN Shield Program*. O programa infórmanos que está subindo o

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

programa: está cargando a nova configuración, inicializando os paquetes necesarios, preparando a tarxeta e verificando e cargando:



Cando finaliza a carga do programa á placa e, se non houbo fallos, a mensaxe que nos amosa é o de carga finalizada:




Se nos fixamos, o código arduino é o seguinte:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

```
Back Upload to Arduino Editar con IDE de Arduino
01 #include <Arduino.h>
02 #include <Wire.h>
03 //include <Servo.h>
04 #include <SoftwareSerial.h>
05
06 #include <MeShield.h>
07
08 double angle_rad = PI/180.0;
09 double angle_deg = 180.0/PI;
10 double Numero;
11 Me7SegmentDisplay seg7_7(7);
12
13
14
15 void setup(){
16   Numero = 100;
17   for(int i=0;i<11;i++)
18   {
19     seg7_7.display(Numero);
20     delay(1000*1);
21     Numero += 1;
22   }
23 }
24
25
26 void loop(){
27
28
29 }
30
31
```

No noso display, veremos que van cambiando os números desde 100 a 110 nun intervalo de 1segundo cada un.

Se quixésemos usar a placa mCore, sen cargar o programa á mesma, o script que debemos executar coa bandeira verde é o seguinte: (notar que o display está conectado ao porto 4 da placa mCore)




Como noutros módulos, tamén podemos conectar directamente o módulo display7 segmentos á placa arduino. Para iso, debemos conectar as 4 conexións do seu lateral á placa Arduino Un. Estas son: CLK (forma cadrada do sinal de reloxo),

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación

DIO (liña de datos), 5V e GND; sendo os senais CLK e DIO pins dixitais da placa Arduino Un.

Se preferimos utilizar código arduino, podemos partir dos exemplos que se nos proporciona nas librarías da casa:



4.23. Sensor de Luz

Desenvolto sobre a base do principio de efecto fotoeléctrico en semicondutores, este sensor de luz pode utilizarse para detectar a intensidade da luz ambiente. É dicir, detecta facilmente se temos ou non a luz prendida ou apagada. O seu ID negro significa que ten un porto de sinal analóxica e necesita ser conectado ao porto con ID negro en Makeblock Orion, Auriga, mCore ou Shield de Arduino Un.



Módulo Sensor de Luz

No caso da mCore, podemos usar o puerto 3 ou 4. Se conectamos o sensor de luminosidade ao porto 3 e creamos un programa simple que nos amose a luminosidade numérica da habitación, con ou sen luz prendida, atoparémonos co seguinte resultado:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



Luminosidade coa luz apagada




Luminosidade coa luz prendida

O rango de valores do sensor varía entre 0 e 980, de modo que, a maior valor, mayor luminosidade e a menor valor, maior escuridade.

O script que activa o sensor é o seguinte:

Divertíndome con mBot: Guía de manexo e programación



Como outros sensores, este compoñente tamén se podería conectar directamente á placa Arduino Un tendo en conta as súas 3 conexións do lateral: GND, Vcc e AO (soldadura cadrada). Sendo a sinal AO un pin analóxico de saída da placa Arduino Un. Finalmente, só dicir que na librería de Makeblock dispoñemos de tres programas que nos exemplifican a súa programación desde el IDE de Arduino:

Me_LightSensor	MeLightSensorTest
Me_LimitSwitch	MeLightSensorTestResetPort
Me_LineFollower	MeLightSensorTestWithLEDOn

